



---

## CARTA DE AGRADECIMIENTO Á COMUNIDADE UNIVERSITARIA

Vigo, 7 de maio de 2026.

Estimada comunidade,

Unha vez rematada esta primeira fase electoral, quero transmitirvos o meu máis sincero agradecemento pola acollida que tivemos nos centros e polo bo desenvolvemento destas semanas de campaña e pre-campaña.

A escoita directa e cara a cara con todos os colectivos foi unha experiencia moi enriquecedora, da que recibimos unha mensaxe clara: a Universidade de Vigo ten que ser unha universidade de diálogo. Temos que aproveitar o ritmo conseguido por esta campaña electoral para seguir falando, e moito, da universidade.

Desde H2040 estivemos traballando no deseño dunha nova etapa da universidade. Non somos un terceiro mandato, somos un novo mandato coa herdanza dos logros conseguidos e a aprendizaxe das cousas que quedan por facer. Poñemos a nosa experiencia a disposición da Universidade de Vigo porque cremos nunha Universidade libre, transparente, igualitaria, con condicións claras para o futuro do PDI, PI, PAI, estudantado e PTXAS, e cremos na necesidade de falar, e moito, de fronte. Por iso, desde H2040 quixemos marcar tamén algunhas diferencias:

Elaboramos un programa detallado e realista, xerado desde a experiencia e o coñecemento, sen promesas irreais nin elementos ocultos.

Establecemos propostas específicas por centros, campus e colectivos. Non hai só diagnose dos problemas, que xa son coñecidos, se non que hai solucións e propostas concretas.

Presentamos á persoa proposta para a xerencia en tempo e forma, para que se puidera entender o noso modelo e formular as dúbidas que foran precisas, tal e como foi solicitado polo colectivo de PTXAS.

Buscamos puntos de encontro reais co estudantado, entendendo que son eles e elas os que deben marcar o ritmo da conversa, e fomentamos a súa participación libre e crítica no proceso.

Mantivemos canles abertas e respondemos a absolutamente todas as cuestións formuladas polos distintos colectivos, de xeito persoal e reflexionado, non automatizado nin mediado.

O apoio conseguido confirma que existen moitos puntos da nosa proposta que son ben valorados pola comunidade, cunha ampla maioría de persoas que queren seguir avanzando, e que nos enchen de ilusión e de determinación. Moitísimas grazas por todo o apoio recibido! E agardamos que nesta segunda volta incluso sexamos máis os que participemos co noso voto.

O día 15 de maio non é unha data máis no calendario, é unha data crucial para seguir no bo camiño da nosa Universidade, e contamos con vós para liderar o avance que require a Universidade de Vigo.

¡MOITAS GRAZAS!

Belén Rubio Armesto  
Candidata H2040

---